A túa innovación marca o camiño

Programa de
IMPULSO Á INNOVACIÓN
nas pemes

INNOVACIÓN ABERTA. COLABORAR PARA CHEGAR MÁIS LONXE

07

XUNTA DE GALICIA

Innovación pechada / Innovación aberta





INNOVACIÓN PECHADA

A innovación pechada ou interna consiste en innovar a partir dos coñecementos e recursos propios, mediante a creación dun departamento específico que pode mobilizar a outras áreas da empresa para que acheguen ideas.

- Elevado investimento económico para a creación dun departamento propio de I+D+i.
- Ideas e tecnoloxías desenvolvidas internamente.
- Esixencia de secretismo e máxima confidencialidade para evitar que a competencia se beneficie dos resultados.
- Innovación enfocada ao mercado de potenciais clientes da empresa.

INNOVACIÓN ABERTA

A innovación aberta ou colaborativa implica a entrada sistemática de coñecementos procedentes de fontes externas que a empresa analiza e incorpora para innovar resolvendo problemas ou aproveitando oportunidades.

- Baixo investimento para a creación dun comité de innovación.
- Ideas e tecnoloxías desenvolvidas mediante cocreación con outros axentes.
- Necesidade de colaboración externa para xerar coñecementos e tecnoloxía baseados na intelixencia colectiva.
- Innovación enfocada a mercados propios, pero tamén doutras empresas e mercados novos.

Como facer innovación aberta na túa peme?

1. Créase un pequeno equipo interno de coordinación que funcione como **comité de innovación**.
2. A dirección da empresa define os **retos prioritarios** a abordar.
3. O comité de innovación coordina as interaccións cos **axentes externos que participarán na abordaxe dos retos**: provedores, centros tecnolóxicos, empresas innovadoras de recente creación (*startups*) e/ou empresas doutros sectores.
4. A partir destas interaccións, a empresa explora as **últimas tecnoloxías e métodos dispoñibles no mercado** para resolver os retos e planificar proxectos piloto cos seus colaboradores externos co obxectivo de testar solucións.
5. O comité de innovación actualiza periodicamente a lista de problemas da peme para impulsar a **identificación de novas oportunidades e retos de innovación**.

Resultados

- TRIPLÍCASE A VELOCIDADE DOS PROCESOS DE INNOVACIÓN.
- AUMENTA A PRODUTIVIDADE ENTRE UN 40 E UN 60 %.
- DUPLÍCASE A TAXA DE ÉXITO NOS PROXECTOS DE I+D+I.

ELAS, EMPRESAS GRANDES E PEQUENAS, XA O PUXERON EN PRÁCTICA

PROCTER & GAMBLE

P&G é pioneira na aplicación da *open innovation*. A multinacional de produtos domésticos e de coidado persoal lanzou en 2001 a plataforma dixital Connect+Develop, co reto xa conseguido de que o 50 % da súa innovación proceda de colaboracións externas.

KALEIDO TECH

A empresa galega de loxística configurou un ecosistema propio de innovación aberta en 2016. Entre as iniciativas para alimentalo figuran a primeira aceleradora de tecnoloxía loxística –para conectar as empresas do sector coas *startups* máis disruptivas do mundo– e unha aceleradora pesqueira para atopar solucións colaborativas a problemas desta industria.

ALIBÓS GALICIA

Alibós logrou revalorizar todos os subprodutos do procesado das castañas grazas á colaboración con industrias doutros sectores, coas que logrou solucións innovadoras para achegarse ao residuo cero.

TACORE

A colaboración con outras tres empresas e co centro tecnolóxico Anfaco-Cecopesca permitiulle a Tacore liderar un proxecto para simular e testar os procesos térmicos empregados na industria da alimentación.

Accede a todos os cadernos para saber máis sobre innovación.

Coñece as historias de éxito de innovación protagonizadas por pemes galegas.

Contacta con nós para poñer en marcha o voso propio proceso innovador.

Programa de impulso á innovación nas pemes
Axencia Galega de Innovación
981 957 008
servizos.gain@xunta.gal
Rúa Airas Nunes s/n
15702 – Santiago de Compostela

http://gain.xunta.gal

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22